



Berta Dávila, Leticia Costas, Antía Otero, Eva Mejuto: os Premios Follas Novas do libro galego son das mulleres

- [Praza Pública](#) @prazapublica
Domingo 23, abril 2023



Foto de familia da oitava edición dos Premios Follas Novas do libro galego © Concello de Santiago

A oitava edición dos galardóns organizados polas asociacións de autores, editoras e librarías recoñeceu con premios honoríficos a Lydia Cacho, Edicións do Castro e Númax

O Teatro Principal de Santiago acolleu este sábado a entrega de galardóns da oitava edición dos Premios Follas Novas do libro galego, **organizados polas asociacións de escritores e escritoras (AELG), de editoras (AGE) e de librarías (FLG)**. Foi unha gala na que as obras escritas por mulleres levaron os principais galardóns e na que as tres asociacións tamén entregaron cadanseus **premios honoríficos**, á mexicana con raíces galegas **Lydia Cacho**, a **Edicións do Castro** que cumpriría 60 anos desde a súa fundación por Isaac Díaz Pardo, e á compostelá **Librería Númax**.



O editor Henrique Alvarellos no discurso por parte das tres asociacións organizadoras dos premios © Premios Follas Novas
Estas foron as premiadas en cada categoría:

- Obra de narrativa: *Os seres queridos*. Berta Dávila. Edicións Xerais de Galicia.
- Libro de poesía: *Barroco*. Antía Otero. Apiario.
- Libro de teatro: *As alumnas*. Paula Carballeira. Editorial Galaxia.
- Obra infantil: *O neno de lume*. Leticia Costas (autora), Iván R. (Ilustrador). Edicións Xerais de Galicia.
- Obra xuvenil: *A ladroa da biblioteca de Meirás*. Eva Mejuto. Edicións Xerais de Galicia.

- Libro ilustrado: *Verme*. Federico Fernández. Germán González. Kalandraka Editora.
- Libro de banda deseñada, gráfico e humor: *Roxín Roxal. A daga do conde*. Manel Cráneo e Brais Fierro. Demo Editorial
- Obra de ensaio e investigación: *A defunción dos sexos*. Disidentes sexuais na Galiza contemporánea. Daniela Ferrández Pérez. Edicións Xerais de Galicia.
- Obra de divulgación: *Memoria diversa*. Eva Mejuto. Deputación da Coruña.
- Iniciativa bibliográfica: *Chévere 1987-2022. Trinta e cinco anos de axitación cultural*. Chévere. Kalandraka Editora.
- Obra traducida: *Léxico familiar*. Natalia Ginzburg/Traducido por María Alonso Seisdedos. Editorial Laiovento.
- Libro mellor editado: *Barroco*. Antía Otero. Apiario
- Promoción da lectura: Traballadoras das Bibliotecas Municipais da Coruña.

O xurado desta oitava edición estivo formado por Cristina Barbeito Vázquez, David Cortizo Conde, Antonio M. Fraga Allegue, Tensi Gesteira, Lucía Novas Garrido, Montserrat Pena Presas e Nuria Vilán Prado.